



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO: ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL E DEPORTES
SECCIÓN DE CULTURA E DEPORTES
Expte:2023000001373

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A RELACIÓN DAS CARREIRAS QUE FORMAN PARTE DO “IX CIRCUÍTO DE CARREIRAS DEPUTACIÓN DA CORUÑA” E SE NOMEAN AS CARREIRAS SUPLENTES.

Don VALENTIN GONZALEZ FORMOSO , Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Logo da baremación das solicitudes presentadas, en función da aplicación dos criterios establecidos para a selección das carreiras populares na Resolución da Presidencia número 2023 / 7005, de data 22.02.2023, que aproba as bases reguladoras do “IX Circuito de Carreiras Deputación da Coruña”.

Logo de ter en conta o disposto na base 2 das que rixen este Circuito, aprobadas por resolución da Presidencia 2023 / 7005, de data 22.02.2023, e que se relaciona de seguido:

“...No caso de que unha das carreiras fose seleccionada, por resolución da presidencia, para participar no IX Circuito, e na data do seu comenzo o contrato administrativo non se houberse formalizado en documento administrativo, terá que modificarse a data da carreira para formar parte do IX Circuito.

A selección das 35 carreiras que integrarán o “IX Circuito de Carreiras Deputación da Coruña” realizarase, logo da puntuación obtida en función da aplicación dos baremos establecidos para a selección das carreiras populares, do seguinte xeito:

a) 30 primeiras carreiras. Serán aquelas carreiras que obtivesen a maior puntuación de todas as solicitudes presentadas para formar parte do “IX Circuito de Carreiras Deputación da Coruña”.

b) 5 carreiras restantes. Serán aquelas carreiras que nunca formaron parte das anteriores edicións do circuito de carreiras, organizado pola Deputación provincial e que obtivesen a maior puntuación de entre as solicitudes presentadas para formar parte do “IX Circuito de Carreiras Deputación da Coruña”.

No caso de coincidir en data de celebración, dúas ou máis carreiras do “IX Circuito de Carreiras Deputación da Coruña”, unha/s delas deberán cambiar a data nun prazo máximo de 48h dende o momento da notificación da coincidencia de datas de celebración das carreiras populares. De non existir acordo, terá prioridade en manter a data da celebración da carreira a que teña maior puntuación na valoración.”

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a relación das 35 carreiras que integran o “IX Circuito de Carreiras Deputación da Coruña”.

CARREIRA	CONCELLO	DATA	PUNTOS
42 Carreira popular de Negreira " A CLÁSICA"	Negreira	12/11/2023	129
10K Carballo 2023. XI Carreira Popular Concello de Carballo	Carballo	04/06/2023	116,5
Sin-Son 10K	Porto do Son	17/12/2023	114,5
X Carreira da Auga Concello de Sada	Sada	08/10/2023	87,5
XXII Carreira Pedestre Popular Concello de Ames	Ames	22/10/2023	77,3

CARREIRA	CONCELLO	DATA	PUNTOS
IX Carreira Popular Concello de Rianxo	Rianxo	01/11/2023	71,9
XXXII Carreira Popular Concello de Cambre	Cambre	15/08/2023	70
XVIII Carreira Popular Mar de Boiro 16º Memorial Pepe Buceta	Boiro	03/12/2023	67,2
X Carreira Nocturna Corre Por Ferrol	Ferrol	26/08/2023	62,8
X Carreira Ría Do Burgo	Culleredo	18/06/2023	58,5
VII Carreira Pedestre Concello de Dumbria	Dumbria	20/05/2023	57,8
XIV Carreira Popular Concello da Pobra do Caramiñal	Pobra do Caramiñal	27/08/2023	57
VIII Carreira Pedestre Popular Concello de Frades	Frades	01/05/2023	56,3
8º Carreira Pedestre Nocturna Concello de Cee 2023	Cee	01/07/2023	54,6
VIII Carreira Popular Dolmen De Dombate	Cabana de Bergantiños	23/09/2023	53,4
XL Carreira Pedestre Popular da Amaia	Brion	01/10/2023	52,1
VI Carreira Pedestre Concello de Mazaricos	Mazaricos	07/05/2023	51,6
XXIV Carreira Popular Sta Uxía	Ribeira	30/09/2023	50,9
Carreira Pedestrte Popular de Noia	Noia	02/09/2023	49,6
VIII Carreira Pedestre Concello de Zas	Zas	03/06/2023	48,5
VIII Carreira Concello de Muxía	Muxía	15/07/2023	46,7
XIX Carreira Pedestre Popular Concello de O Pino	O Pino	10/06/2023	46,4
XX Carreira Vila de Corcubión	Corcubion	16/09/2023	45,3
VIII Carreira Pedestre do Concello de Fisterra	Fisterra	15/10/2023	45,3
XVIII Carreira Pedestre de Lestrobe	Dodro	12/10/2023	42,7
VI Carreira Popular do Apóstolo	Laracha	16/07/2023	42,6
XXVI Carreira Popular Concello de Ordes	Ordes	11/06/2023	41,6
XXXI Milla Urbana " Concello de Ares"	Ares	05/08/2023	41
San Silvestre Concello de Neda	Neda	31/12/2023	40,2
VII Corretroita Popilar Concello de Sobrado	Sobrado dos Monxes	12/08/2023	38,7
3ª Popular Faro Roncudo. Corre por Turquía e Siria	Ponteceso	29/04/2023	35,3
X Carreira Popular Concello de Mesía	Mesía	06/08/2023	31
I Carrera Popular do Concello de As Somozas	As Somozas	07/10/2023	10
Carreira da Pataca	Coristanco	09/09/2023	10
I Carreira Popular Concello de Laxe	Laxe	25/06/2023	10

Segundo.- Aprobar a relación das carreiras suplentes do "IX Circuito de Carreiras Deputación da Coruña".

CARREIRA	CONCELLO	DATA	PUNTOS
XXX Carreira das Areas (**)	Carnota	18/06/2023	50
IX Carreira Pedestre Concello de Oroso	Oroso	06/05/2023	38,4
V Carreira Popular Praia de Miño	Miño	14/05/2023	33,2
IX Carreira Pedestre Popular Concello de Touro	Touro	23/09/2023	29,3
X Carreira Solidaria Da Piscina Municipal de Muros	Muros	05/11/2023	25,4
II Carreira do Concello de Mañon	Mañon	08/10/2023	19,6
Tordoia In Essence	Tordoia	02/09/2023	15

(**) A XXX Carreira das Areas do concello de Carnota (50 puntos) non figura entre as trinta e cinco carreiras que integran o Circuito, xa que coincide na data de celebración coa X Carreira Ría do Burgo do concello de Culleredo (58,5 puntos) e, ante a imposibilidade de cambiar a data da carreira, se inclúe a carreira cunha maior puntuación, de xeito que a XXX Carreira das Areas queda como suplente.

De producirse baixa dalgunha das 35 carreiras das que integran o "IX Circuito de Carreiras Deputación da Coruña", entrará a formar parte do Circuito a seguinte carreira (das da listaxe de suplentes) sempre e cando fora posible pola data da súa celebración

A inclusión dunha nova carreira, farase mediante resolución da presidencia.

Terceiro.- Condicionar a aprobación da relación das 35 carreiras á inscrición como carreira oficial no calendario da Federación e a formalización en documento administrativo do contrato correspondente para a coordinación e control técnico do citado circuito, de xeito que non formarán parte do "IX Circuito de

Carreiras Deputación da Coruña, as carreiras que se celebren antes de formalizar o correspondente contrato en documento administrativo.

Os concellos seleccionados deberán inscribir a carreira no prazo dos 10 días naturais contados a partir da notificación desta resolución da Presidencia que aproba a relación das 35 carreiras que integrarán o *"IX Circuito de Carreiras Deputación da Coruña"*.

Cuarto.- Non incluír para formar parte do *"IX Circuito de Carreiras Deputación da Coruña"* por ter data anterior a da adxudicación do contrato de coordinación e control técnico do citado circuito

CARREIRA	CONCELLO	DATA	PUNTOS
XI Carreira Pedestre Concello de Vimianzo	Vimianzo	16/04/2023	68,2